



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Aprobación definitiva da ordenanza reguladora do mercado municipal de abastos do Concello de Cee. Expte.: 2025/G013/000001

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Cee, na sesión ordinaria realizada o día 4 de xullo de 2025, acordou a aprobación inicial da ORDENANZA REGULADORA DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE CEE.

O devandito acordo da aprobación inicial someteuse ao trámite de información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que puidesen examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións.

Debido a que non se presentaron reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considérase aprobada definitivamente a ORDENANZA REGULADORA DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE CEE, sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Publícase a continuación o texto íntegro da devandita ordenanza para os efectos da súa entrada en vigor:

“ORDENANZA REGULADORA DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DO CONCELLO DE CEE

TÍTULO I

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación

- 1.1 Constitúe o obxecto da presente Ordenanza, a regulación da actividade comercial que se desenvolve no mercado de titularidade municipal do Concello de Cee así como a concesión da explotación dos distintos postos e como establecer o seu réxime administrativo. Quedan excluídos da Ordenanza, os mercados ou mercadillo da denominada venda ambulante, en calquera das súas modalidades, que se rexerán pola súa normativa propia.
- 1.2 O Mercado Municipal de Cee configúrase como un ben de dominio público municipal, destinado ó servizo público de abastecemento ou venda de produtos, prioritariamente alimentarios.

O ámbito de aplicación desta Ordenanza refírese exclusivamente ó Mercado Municipal de Cee, sendo de carácter obrigatorio para todas as persoas concesionarias.

Artigo 2.- Competencias

2.1 A competencia en materia de abasto público e no establecemento e autorización de mercado no termo municipal correspóndelle ó Concello de Cee de conformidade co disposto no artigo 25.2 i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 80.2 g da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, así como na Lei 13/2010 de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e na Lei 7/1996, 15 de xaneiro de ordenación do comercio miúdo, modificada pola Lei 1/2010 de 1 de marzo.

2.2 Órganos competentes

2.2.1 É competencia do Pleno da Corporación:

- A aprobación, modificación e derogación desta Ordenanza
- A creación, suspensión, supresión ou cambio dos mercados.

2.2.2 É competencia da Alcaldía (sen prexuízo da súa delegación na Xunta de Goberno Local ou Concelleiro/a delegado/a):

- A determinación, adxudicación inicial e prorrogada dos postos do mercado.
- A imposición de sancións.
- A autorización dos usos a que poden adicarse os postos e mesas de venda
- A aprobación do plano dos postos, periodicamente.
- A dirección, impulsión e inspección do servizo de mercados

-A determinación dos horarios de funcionamento dos mercados e dos días de apertura.

2.3.- Corresponderán á Alcaldía- Presidencia as demais competencias e atribucións que nesta materia lle estean atribuídas ó Concello de Cee, agás as que legalmente lle correspondan ó Pleno da Corporación, sen prexuízo das atribucións concretas realizadas nos parágrafos anteriores e as que se farán posteriormente ó longo do presente regulamento. As competencias dos órganos municipais poderán ser delegadas dentro do marco de lexislación vixente en cada momento.

Artigo 3.- Finalidades da intervención administrativa ao mercado

3.1 O Mercado Municipal de Cee actuará como punto de difusión dos produtos de proximidade e da gastronomía, é un centro de venda directa ó público, de carácter permanente.

3.2 Como fins do Mercado están:

- Asegurar o abastecemento de artigos da primeira necesidade e favorecer a súa competencia en prezos de competencia e calidade. Tamén forman parte deste Servizo a venda dos produtos baixo calquera forma de transformación ou manipulación autorizada, cumprindo tódalas normativas aplicables e especialmente a normativa de seguridade alimentaria, realizada nas mesmas instalacións do mercado e fora deste.

- O mantemento das instalacións dos mercados en bo estado construtivo, hixiénico e sanitario.

- Canalizar as producións agroalimentarias da bisbarra.

- Facilitar formas de venda alternativas baseadas na venda personalizada, a calidade do produto e o servizo.

- A normalidade dos prezos e a libre competencia entre os subministradores e vendedores como medio de procurar a economía daqueles.

- Ser un espazo de especialización que actúe como motor da zona comercial que atraía a implantación doutras actividades comerciais ós locais adxacentes.

- Establecer un novo marco de relación entre o Concello e as persoas titulares de tódolos puntos de venda e concesionarios/as do Mercado Municipal para facilitar a xestión deste servizo público en beneficio da poboación consumidora e da sociedade en xeral.

TITULO II. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

CAPITULO I.- DIRECCIÓN DO MERCADO

Artigo 4.- Encargado ou responsable da dirección do mercado.

4.1 A Alcaldía-Presidencia nomeará unha persoa encargada ou responsable da dirección do mercado de abastos.

4.2 Baixo a dirección superior da Alcaldía ou no seu caso, Concelleiro/a delegado/a terá o seu cargo a xestión administrativa necesaria para o funcionamento do Mercado e a vixilancia do cumprimento das ordenanzas municipais e de cantas outras disposición afecten á actividade que alí se desenvolve ou emanen dos órganos municipais competentes, asumindo ademais as seguintes funcións:

- A responsabilidade da xestión da promoción e dinamización comercial

- A relación coas persoas concesionarias e coa agrupación dos concesionarios.

- A actuación de mellora en xeral da marca e do espazo do Mercado.

- A vixilancia do estrito cumprimento dentro do mercado das disposicións contidas na presente ordenanza así como dos acordos municipais ou disposicións concretas da autoridade laboral.

- Informar á Alcaldía ou no seu caso, Concelleiro/a delegado/a de cantas incidencias ocorran no mercado.

- Atender as queixas e reclamacións de público e dos/as titulares e vendedores/as dos postos, resolvéndolas ou transmitíndolas en cada caso a quen corresponda.

- Informar ao Concello do funcionamento do mercado e propoñer toda clase de medidas para a súa mellora.

- Coidar da boa orde e a conservación e limpeza do edificio do mercado e das súas dependencias dando conta das deficiencias que se observen.

- Vixiar a representación da autoridade municipal no mercado, coidando as recíprocas comunicacións deste a aqueles/as, e emitir informe sobre todo o que de relevancia ocorra no mercado.

CAPITULO II.-INSPECCIÓN E CONTROL

Artigo 5.- Inspección

5.1 A inspección sanitaria de abastos e a vixilancia sanitaria dos artigos que se expendan ou almacenen no mercado corresponderalle aos Servizos Veterinarios da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. A inspección actuará de oficio ou á instancia de parte. Tamén estarán suxeitos ás inspeccións de servizos de consumo da Xunta de Galicia.

5.2 Os axentes de inspección axustarán a súa actuación á normativa vixente en materia sanitaria, de protección de dereitos dos/as consumidores, disposición legais en materia de regulación de matadoiros, de extraccións pesqueiras, marisqueo, acuicultura, e en xeral, de todas aquelas normas que afecten ao abastecemento público.

CAPITULO III.- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO MERCADO

Artigo 6.- Horario de apertura e funcionamento

6.1.- O Mercado permanecerá aberto ó público diariamente de luns a venres en horario comprendido entre as **8:30 horas e as 19:00 horas** e o **sábado e domingo** en horario comprendido entres as 8:30 horas e as 15:00 horas, agás o local destinado a zona gastronómica que permanecerá aberto no horario que lle corresponda como establecemento de restauración.

En caso de que algún/ha concesionario/a quixera ampliar ou reducir este horario, debe solicitalo ante o Concello e a Alcaldía resolverá por Decreto sobre a modificación solicitada.

Tamén por Decreto da Alcaldía poderase modificar o horario de apertura e peche cando existan razóns que así o xustifiquen. Os novos horarios serán publicados no BOP da provincia da Coruña e na páxina web municipal ao fin de lograr a súa máxima difusión.

6.2.- O edificio do mercado permanecerá pechado fóra do horario de actividade máximo establecido, ademais dos festivos (sen prexuízo do indicado no apartado anterior), sempre que non se aprobara previamente a súa apertura, agás a zona gastronómica, que poderá permanecer aberta no horario que lle corresponda como establecemento de restauración.

Artigo 7.- Carga e descarga de mercadorías.

7.1 As descargas dos xéneros efectuaranse de 6:30 a 8:00 horas e de 14:30 a 15:00 horas así como tralo peche da praza entre as 19:00 e as 22:00 horas, e na forma que determine o Concello, previa audiencia aos comerciantes. Só se permitirá a descarga de produtos nos lugares sinalados para o efecto. O transporte dos produtos ata os mercados realizarase nas debidas condicións hixiénicas, utilizando para iso os vehículos e medios de transporte adecuados. Os/as transportistas serán responsables de calquera deterioración ou dano ocasionado ás instalacións con motivo do transporte e descarga de xéneros a eles confiados. En todo caso, as operacións de carga e descarga non poderán entorpecer e/ou perturbar o tránsito do público trala apertura do mercado.

7.2.- Non se permite estender as mercadorías fora do perímetro o demarcación de cada posto, nin interceptar con elas o paso das rúas, que deberán acharse sempre expeditas, salvo para as zonas expresamente autorizadas baixo solicitude.

Artigo 8.- Limpeza do mercado

8.1.- A limpeza de zonas comúns dos Mercados Municipais farase polo servizo municipal de limpeza. A limpeza diaria dos espazos comúns será realizada tódolos días en que o mercado estea aberto ao público, fóra do horario de apertura do mercado.

8.2.- O Concello establecerá no mercado un espazo físico e un número de colectores suficiente para o depósito de lixo con separadores e desperdicios que se xeren, distinguindo os diferentes tipos de residuos.

Os desperdicios de peixaría e carnicería esixirán unha recollida por empresa autorizada que xestionará a persoa titular do posto, seguindo os criterios que determine o inspector.

8.3.- As persoas titulares dos postos de venda terán que ter perfectamente limpos, tanto o espazo que ocupan, como a parte de corredor frontal ó mesmo.

8.4.- Os recipientes de depósito de residuos terán que baleirarse no espazo habilitado no mercado para o lixo, as veces que sexa necesario. Os lugares de venda destinados a peixe, marisco, carnicerías, froita e verduras e produtos frescos, os recipientes terán que estar tapados para evitar olores.

Artigo 9.- Seguridade alimentaria

O exercicio da actividade da venda de produtos alimentarios, comerciais ou de restauración por parte das persoas titulares dos postos de venda se practicará conforme a normativa sectorial vixente, á normativa laboral, á de seguridade alimentaria, á de riscos laborais e á de xestión de medio ambiente vixente en cada momento. O mesmo é de aplicación para a venda de produtos non alimentarios, o almacén, transporte, manipulación e venda dos cales non se terá que xerar ningún prexuízo nin poñer en risco a calidade, salubridade ou imaxe dos artigos alimentarios frescos, conxelados ou transformados postos a venda dentro do recinto do mercado.

TITULO III. DOS POSTOS DOS MERCADOS MUNICIPAIS E A SÚA CONCESIÓN

CAPITULO I. DOS POSTOS

Artigo 10.- Natureza dos postos

Os postos dos mercados, instalacións auxiliares e complementarias e cantos outros elementos integren ou formen parte do Mercado Municipal son propiedade do Concello, e pola súa condición de bens de dominio público afectos a un servizo público, inalienables, inembargables e imprescritibles, non podendo tampouco ser obxecto de arrendamento, nin cesión de uso sen autorización, debendo as persoas usuarias e titulares de licenza neles ubicados, respectar as instalación e velar pola súa conservación

Artigo 11.- Imaxe e categoría dos postos

O Concello poderá establecer os criterios estéticos e o deseño dos postos de venda dos mercados co fin de manter unha determinada uniformidade e unhas medidas hixiénico sanitarias convenientes, así coma as cores da mesma.

Artigo 12.- Categorías dos postos

12.1.- Os postos dos mercados axustaranse a algunha das denominacións das seguintes categorías:

- a) Peixe
- b) Carnizaría
- c) Froitas e verduras
- d) Florería
- e) Panadería e pastelería
- f) Charcutería
- g) Restauración
- h) Artesanía ou tenda de souvenirs, podendo ter zona de exposición
- i) Produtos conxelados
- j) Tenda tipo quiosko
- k) Gastronomía, en xeral
- l) Posto de comida para levar
- m) Produtos conxelados
- j) Alimentación en xeral, tenda de conveniencia
- n) Postos de promoción de produtos alimenticios, artesanais, campañas de promoción en calquera tipo de eido (cultural, sanitario, deportivo)

12.1.2.- Ademais dos especificados, o Concello, atendendo á mellor prestación dun mellor servizo de mercado de abastos poderá autorizar o exercicio nos postos adxudicados ou por adxudicar, doutras actividades comerciais, podendo destinar algún espazo a turismo.

12.3.- Nos postos so se poderá comerciar con aquelas mercadorías determinadas nos postos de adxudicación.

CAPITULO II.- CONDICIÓNS DAS PERSOAS CONCESIONARIAS

Artigo 13.- Capacidade xurídica e de obrar

13.1 .- Poderán ser titulares dos postos, as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española, doutro país da Unión Europea ou dun terceiro país con permiso de residencia e traballo, sempre que teñan plena capacidade xurídica ou de obrar e non estean incursas nalgunha das prohibicións de contratar sinaladas na normativa reguladora de contratación vixente.

13.2.- As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de postos de venda se o comercio ou actividade de servizos está comprendida dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus propios estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

13.3.- As persoas titulares, ademais, deberán reunir os requisitos esixidos na presente ordenanza e aqueles outros que segundo a normativa da actividade comercial ou de servizos fosen de aplicación.

CAPÍTULO III.- RÉXIME DE CONCESIÓNS

Artigo 14.- Explotación dos postos

14.1.- A explotación dos postos dos mercados de abastos constitúe un uso privativo de bens de dominio público, conforme o disposto no artigo 4 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

14.2.- A ocupación en concreto de cada posto está suxeita a concesión administrativa, que se outorgará garantindo o respecto aos principios de igualdade, de publicidade e concorrència.

14.3.- As concesións administrativas comportan que as persoas concesionarias asuman a xestión e explotación dos lugares de venda, baixo o seu propio risco, e que aporten os medios persoais, materiais e técnicos necesarios así como a realización das obras necesarias para adecuar os locais.

Artigo 15.- Procedemento de outorgamento das concesións.

15.1.- O procedemento de outorgamento dos postos vacantes será en réxime de pública concorrència, por procedemento aberto, no cal toda persoa interesada poderá presentar solicitude en base ós criterios que figuren no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación. Para o caso de quedar deserta a licitación no procedemento aberto, a adxudicación dos postos poderá ser obxecto da adxudicación directa se no prazo de seis meses dende a licitación se presenta unha solicitude do posto que cumpra os mínimos da licitación.

15.2.- Debido ás limitacións do número de postos existentes no Mercado Municipal de Cee, ningún vendedor/a por si ou a través do seu cónxuxe e fillos, disporá de máis de un posto dedicados á venda do mesmo artigo.

15.3.- A adxudicación da concesión dos postos nos mercados de abastos non implica autorización para o exercicio do comercio. Formalizada a concesión, o exercicio da actividade de venda requirirá que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente no imposto de actividades económicas no epígrafe e apartado que corresponda coa actividade que se desenvolve no posto, e ao corrente no pago do imposto ou, en caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios e acreditación da exención.

b) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda, e ao corrente no pago das cotizacións da mesma.

c) As persoas que vaian manipular os alimentos deberán estar en posesión do certificado correspondente acreditativo da formación como manipulador de alimentos.

d) Manter vixente unha póliza de seguro de responsabilidade civil, que cubra os danos que poidan ocasionarse no propio posto, nos outros postos ou en calquera dos elementos comúns do mercado, así como ás persoas usuarias, por accións ou omisións da propia persoa concesionaria o das persoas que traballan pola súa conta.

e) Os/as prestadores/as procedentes de terceiros países deberán acreditar o cumprimento das obrigacións establecidas na lexislación vixente en materia de autorización ou permiso de residencia e traballo por conta propia segundo a normativa vixente, en caso de non gozar de nacionalidade española.

f) Ter concedidas as autorizacións ou licenzas esixidas pola normativa vixente para o exercicio da actividade.

g) Ter constituída a fianza a depositar no Concello para responder do cumprimento das obrigas que se derivan da explotación dos postos do mercado de abastos, que será como mínimo equivalente ao 5% do prezo de licitación que haxa de satisfacerse polo posto ou postos que se ocupen.

Artigo 16.- Prazo das concesións.

O prazo da concesión dos postos será dun máximo de 15 anos. O prazo concreto de duración da concesión administrativa para cada posto será o determinado no prego de cláusulas administrativas da licitación, dentro sempre dese prazo máximo.

Dito prazo contarase a partir do día seguinte da formalización escrita do documento concesional contados desde a data na que foron concedidas inicialmente.

Artigo 17.- Traspasos e cesións das concesións administrativas.

17.1.- As concesións son transmisibles “inter vivos” e “mortis causa”, polo tempo que quede de finalización, de acordo co que dispoñen os artigos seguintes e previa autorización.

17.2.- O traspaso e cesión destes dereitos suporá a subrogación das persoas adquirentes en cantos dereitos e obrigas sexan inherentes á concesión administrativa. A persoa adquirente terá que continuar coa mesma actividade comercial que o seu antecesor. O adquirente terá dereito ao desfrute do posto polo tempo que resta da concesión.

17.3.- A transmisión da concesión “inter vivos” poderase facer a favor das persoas de primeiro grado de consaguinidade ou afinidade, así como aos traballadores dese mesmo posto ou terceiros, previa autorización do Concello, que deberá cumprir as condicións requiridas para ser concesionario ou concesionaria do posto; neste suposto a transmisión poderá efectuarse de forma directa, sen prexuízo que teñan que cumprirse igualmente os requisitos previstos para o exercicio da actividade de venda.

A transmisión neste caso requirirá presentación de solicitude ao Concello. Nesta solicitude ten que constar a seguinte documentación:

- Nome e apelidos do transmitinte e adquirente.
- Xustificación da relación de parentesco o relación laboral, no seu caso.
- Declaración responsable do adquirente que reúne todas as condicións necesarias para poder exercer a actividade no mercado.
- Declaración responsable de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria e autonómica a Seguridade Social e o Concello de Cee.

Unha vez verificada a documentación aportada polos Departamentos correspondentes do Concello, se procederá a ditar resolución polo órgano competente.

17.4.- En caso de falecemento da persoa titular, a concesión pasará a nome do seu/súa sucesor/a legal. O/a herdeiro/a legal, dentro de prazo de tres meses da defunción do causante, terá que solicitar o cambio de titularidade ó seu favor. A estes efectos terá que aportar ao Concello a seguinte documentación:

- Certificación de defunción do/a causante
- Certificado das últimas vontades
- Escritura de aceptación de herdanza
- Liquidación do imposto de sucesións correspondente.

Todo isto, sen prexuízo de que na persoa sucesora concorran os requisitos necesarios para ser titular do posto do mercado municipal.

Se se transmite o posto do mercado en “pro-indiviso” de dúas ou máis persoas, estas dentro do prazo de tres meses terán que determinar e comunicar ó Concello cal delas, sucederá na titularidade dos citados postos de venda. De non facelo no prazo sinalado, se declarará caducada a concesión.

17.5. Os postos de venda que queden vacantes pasarán novamente a posesión do Concello e serán obxecto de nova adxudicación mediante licitación na forma legalmente establecida.

17.6 Calquera transmisión efectuada sen seguir os requirimentos deste artigo se entenderá como nula e comportará a extinción da concesión sen dereito a indemnización.

Artigo 18. Extinción das concesión

18.1 As concesión extinguiranse por calquera das causas establecidas na lexislación vixente e ademais:

- a) Renuncia expresa e escrita da persoa titular presentada no Rexistro Xeral do Concello
- b) Defunción, xubilación ou incapacitación da persoa titular, a excepción do artigo 17.4.
- c) Cesión ou transmisión sen contar coa preceptiva autorización ou sen cumprir cos trámites e requisitos establecidos na presente Ordenanza.
- d) Falta de pago de taxas, impostos, cotas o tarifas emitidas, e calquera outro pagamento de carácter obrigatorio, directamente relacionados co Mercado Municipal, durante un prazo de doce meses.
- e) Baixa da persoa titular a concesión con imposibilidade de cubrir a súa ausencia, por un prazo igual ou superior ao ano, e sen cubrila.
- f) Sanción firme en aplicación do réxime sancionador establecido neste regulamento.
- g) Causa de interese público, antes da terminación do prazo de adxudicación. Neste caso darase audiencia á persoa interesada, e se cabe, se lle indemnizará polo danos e prexuízos que se ocasionen, de acordo coa normativa vixente.
- h) Mutuo acordo das partes.

18.2.- A declaración da extinción da concesión requirirá a incoación do correspondente procedemento administrativo no que se dará audiencia á persoa concesionaria.

18.3.- Declarada a extinción da concesión, calquera que sexa a causa, a persoa adxudicataria deberá desalojar o posto no prazo de 30 días dende que sexa requirido formalmente. Se no referido prazo non levara a efecto o desaloxo, o Concello poderá acordar o desafiuzamento por vía administrativa. Chegado o momento do desafiuzamento, se non se efectuase voluntariamente, será levado a efecto polo persoal municipal, sendo de conta do desafiuzado todos os gastos derivados da execución.

18.4.- Extinguida a concesión por calquera das causas legalmente previstas, a persoa concesionaria terá que reintegrar o obxecto da concesión en perfecto estado, sen que teña dereito a indemnización, excepto no caso de que sexa por supresión do servizo por parte do Concello.

18.5.- As instalacións, obras e melloras realizadas na concesión reverterán en beneficio do Concello, quedarán do dominio da persoa concesionaria tódolos bens que poida retirar sen menoscabar o ben inmovible obxecto da concesión.

18.6.- No caso de renuncia voluntaria da persoa concesionaria, o Concello recuperará a plena dispoñibilidade da concesión, e dende o mesmo momento da renuncia voluntaria, a persoa concesionaria deixará de reportar ingresos de ningunha clase a favor do Concello con motivo da concesión renunciada; todo iso, sen prexuízo das débedas que teña a persoa concesionaria no Concello as cales non se verán afectadas por dita renuncia.

18.7.- Recuperado o posto polo Concello, este procederá á devolución das fianzas prestadas pola persoa concesionaria, ou no seu caso, incautarse da mesma para facer fronte ós desperfectos e danos causados pola persoa concesionaria, quen poderá en todo caso proceder ó seu arranxo pola súa conta e logo solicitar a devolución da fianza.

No caso da existencia de desperfectos ou danos, o concello daralle traslado da valoración do custo do seu arranxo á persoa interesada para que no prazo de 10 días acepte facer ela a reparación ou pida que a faga o Concello con cargo á fianza. Se aceptara arranxalos a persoa concesionaria, disporá do prazo de 1 mes dende a aceptación para realizar a reparación. No caso de que o Concello arranxara os desperfectos ou danos con cargo á fianza e esta non fora suficiente para cubrir o seu custo, poderá proceder pola vía executiva contra a persoa debedora pola diferenza.

TITULO IV. DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS CONCESIONARIAS.

Artigo 19.- Dereitos dos/as concesionarios/as

Os/as concesionarios/as de postos no mercado terán os seguintes dereitos:

1.- Utilizar de forma privativa o espazo físico que constitúe o posto nos termos e condicións que se establecen na concesión. O Concello non asumirá responsabilidade por danos, subtraccións ou deterioros de mercadorías, nin a custodia destas.

2.- Utilizar os locais, instalacións, servizos e elementos do mercado destinados ao uso xeral, nas condicións regulamentarias.

3.- Entrar no mercado antes de abrir ao público para preparar a mercadoría, dando todo tipo de facilidades para que se realice a inspección sanitaria ao efecto que estea nas mellores condicións.

4.- O abastecemento de mercadorías, nas condicións e horarios que fixe o Concello, facendo uso dos elementos comúns.

5.- Instalar nos respectivos postos os elementos necesarios para o exercicio da correspondente actividade mercantil e realizar as obras no posto que supoñan unha mellora, previa autorización do Concello.

6.- Contratar persoal asalariado, acreditado mediante certificación da Seguridade Social ou TC, que lle axude nas operacións parar realizar no posto que supoñan unha mellora, previa autorización do Concello.

7.- En xeral, a todos os dereitos derivados da normativa reguladora.

Artigo 20.- Deberes dos/as concesionarios/as:

As persoas concesionarias de postos terán as seguintes obrigas:

1.- Entregar ao/a comprador/a os produtos polo prezo anunciado e o peso íntegro.

2.- Estar, tanto a persoa concesionaria como as persoas que traballen no posto, de alta na seguridade social e en posesión da tarxeta de manipular alimentos e demais documentación prevista no artigo 15.3 desta Ordenanza xunto co título que lle habilite para a ocupación do posto, do que será provisto polo Concello. Ter vixentes, en todo momento, todas as licenzas e autorización administrativas necesarias para o exercicio da súa actividade.

3.- Comunicar, por escrito, ao Concello, as altas e baixas das persoas que traballen no posto, debendo facelo no prazo de quince días a partir do seguinte ó que se produza.

4.- Colocar o prezo correspondente a cada unha das variedades que teñan expostas para a venda, fixando sobre a mercadoría unha tarxeta ou cartel no que se consigne o nome, prezo e procedencia.

5.- Manter o posto aberto ao público durante o horario de apertura de venda ao público, salvo períodos de vacacións que deberán ser comunicados con antelación así como por días de autorización expresa do Concello para enfermidade ou outro suceso de gravidade ou outra causa xustificada. Do mesmo xeito, o posto pecharase diariamente ó finalizar o calendario antes mencionado.

6.- Manter os postos, así como outras instalacións, en bo estado, coidando que estean limpos, libres de residuos cumprindo coa normativa hixiénico- sanitaria vixente en canto á exposición, conservación, etiquetado e trazabilidade que teñen a obriga de coñecer, depositar o lixo e desperdicios nos lugares indicados para tal fin, deixar o seu posto e arredores limpos e rematar a xornada de venda e limpar os espazos comúns nos que se derrame lixo como resultado da súa carga e descarga de mercadorías, antes do inicio da apertura ao público.

7.- Realizar pola súa conta e cargo as obras que o Concello estime necesarias para que os postos se atopen en todo momento en perfecto estado de conservación, previa autorización do Concello.

8.- Non colocar paquetes nin caixas de produtos nos corredores nin depositar mercancías fora do espazo do posto, non expoñer as mercadorías para a venda fóra do propio posto asignado, salvo autorización municipal para ocupar outros espazos do mercado, que haberán de quedar perfectamente delimitados de forma que non se impida nin entorpeza en ningún caso o paso do público polos corredores.

9.- Usar instrumentos de pexase e medición axustados aos modelos autorizados. Procurarase o uso de balanzas automáticas ou electrónicas, colocadas de forma que os compradores poidan ler nelas o prezo, peso e importe total dos xéneros que adquieran.

10.- Observar a máxima pulcritude no seu aseo persoal e utilizar no seu traballo o vestiario propio de acordo coa uniformidade recollida no anexo a esta ordenanza e en correcto estado de limpeza.

11.- Satisfacer o canon, taxas e demais exaccións que correspondan.

12.- Ademais da renda será de conta da persoa titular dos subministros (servizos da auga, gas, fluído eléctrico, cámara frigorífica e xestión de residuos) conforme ao disposto nas correspondentes Ordenanzas fiscais municipais. A estes efectos e con carácter previo ao inicio da actividade, a persoa titular da concesión deberá acreditar ante o Concello que o saneamento, o contador da auga e o contador de fluído eléctrico está ao seu nome, debendo dispoñer ademais cada posto de acumulador propio.

13.- Xustificar, cando sexan requiridos, o pago de impostos e exaccións municipais por razón do exercicio do comercio nos postos ocupados.

14.- Abonar o importe dos danos e perdas que causaren aos bens suxeitos á concesión, ás instalación ou a edificación do mercado.

15.- Estar en posesión do libro de queixas/reclamacións, así como do cartel anunciador de estar en posesión do mesmo, atendendo a normativa de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

16.- Deberán cumprir a normativa vixente en materia de xestión de residuos e realizar contratación externa dun xestor autorizado se procede.

Artigo 21.- Prohibición dos postos

As persoas concesionarias haberán de respectar as seguintes prohibicións:

1.- Non se admitirá ningún uso de publicidade comercial que non sexa o propio nome de cada posto, quedando prohibido en calquera caso o voceo, o uso de altavoces ou de calquera outro medio sonoro para o ofrecemento de mercadorías ou produtos.

2.- No suposto de que o Concello estableza criterios estéticos e o deseño dos postos de venda dos mercados de acordo con disposto no artigo 11, será obrigatorio cumprir con eles, co fin de manter unha determinada uniformidade e unhas medidas hixiénico sanitarias convenientes.

3.- Queda prohibido o exercicio da actividade vendedora ás persoas afectadas de enfermidade transmisíble en calquera dos seus períodos, ou de enfermidade infecciosa, debendo comunicar esta circunstancia ao encargado do mercado ou a o veterinario para a adopción das medidas que resulten procedentes.

4.- Non se poderán utilizar recipientes ou medios de transporte que ocasionen deterioro ao pavimento do recinto.

5.- Non se poderá incumplir a normativa hixiénico-sanitaria e de consumo vixente.

TÍTULO V. RÉXIME SANCIONADOR.**CAPÍTULO I.- INFRACCIÓN E SANCIÓN****Artigo 22.- Persoas responsables**

22.1.- As persoas concesionarias dos postos serán responsables das infraccións ás disposicións desta Ordenanza, que cometan eles mesmos ou outras persoas que presten servizos nos postos que teñen adxudicados.

22.2.- Cando se detecten infraccións para cuxa sanción sexa competente o Concello, procederase á instrución do correspondente expediente, de conformidade coa lexislación sobre procedemento administrativo.

Se se detectasen infraccións para cuxa sanción non fose competente o Concello, darase conta inmediata das mesmas á autoridade que corresponda, en especial, no aspecto sanitario.

Artigo 23.- Clasificacións das infraccións

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

23.1.- Consideraranse infraccións leves:

- a) A falta de limpeza dos postos e do entorno dos mesmos.
- b) A falta de aseo das persoas que realicen as tarefas de venda nos postos.
- c) A falta de consideración debida aos compradores.
- d) O peche non autorizado do posto sen causa xustificada durante un prazo de cinco días.
- e) O incumprimento do horario establecido.
- f) Non ter exposta ao público, en lugar visible, a placa ou título administrativo identificativo e os prezos de venda das mercancías.
- g) A inobservancia non reiterada das instrucións da dirección do mercado.
- h) Non ter a disposición dos consumidores e usuarios as follas de queixas e reclamacións das persoas consumidoras e usuarias en Galicia, así como o cartel informativo respecto diso.
- i) Calquera infracción desta Ordenanza que non estea tipificada como falta grave o moi grave.

23.2.- Consideraranse infraccións graves:

- a) A reincidencia na comisión de infraccións leves. Entenderase que existe reincidencia cando a persoa infractora sexa sancionada por resolución firme por máis dunha infracción leve no prazo dun ano.
- b) A desobediencia, clara e ostensible, aos requirimentos da dirección do mercado.
- c) Todo incumprimento das obrigas sanitarias e comerciais previstas na lexislación vixente e nesta Ordenanza.
- d) As ofensas, de palabras ou de obra, as persoas que se atopen no mercado, ben sexa público ou funcionarios ou empregados municipais.
- e) Non ter datos de alta na Seguridade Social ao persoal empregado que atende os postos.
- f) Os altercados que produzan escándalo dentro do Mercado ou das súas inmediacións con resultados de lesión ou danos.
- g) Causar negligentemente danos ao edificio, postos e instalacións.
- h) O uso indebido ou sen autorización de bens ou servizos xerais
- i) A venda de artigos distintos aos autorizados pola licenza para o exercicio de actividade
- j) O peche dos postos por máis de cinco días e menos de quince, sen a correspondente autorización municipal nin causa que o xustifique.
- k) A modificación da estrutura e instalación dos postos sen autorización municipal, así como o cambio de uso ou actividade comercial do posto sen a mesma autorización.

23.3. Consideracións infraccións moi graves:

- a) A reincidencia na comisión de infraccións graves. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor sexa sancionado por resolución firme por máis dunha infracción grave no prazo dun ano.
- b) A cesión ou traspaso do posto a un terceiro sen a observancia dos requisitos esixidos sen cumprir coas condicións e requisitos estipulados nesta Ordenanza.

c) A resistencia, coacción ou ameaza á autorización municipal, funcionarios e empregados municipais afectos aos Mercados, no desempeño das súas funcións.

d) Causar dolosa e neglixentemente danos ao edificio, postos ou instalacións do mercado.

e) A atención dos postos por persoas distintas da persoa titular da licenza, familiar ou empregado autorizado.

f) O peche, non xustificado e sen previa autorización municipal, do posto por máis de quince días consecutivos ou máis de trinta días alternos durante tres meses, salvo autorización municipal expresa.

g) As defraudacións na cantidade e calidade dos xéneros vendidos que deron lugar a sanción por infracción grave á disciplina do Mercado.

h) Falta de pagamento de taxa anual por prestación do servizo do mercado municipal ou do canon da concesión

Artigo 24.- Clasificación das sancións

24.1.- As sancións que se aplicarán polas infraccións sinaladas na presente ordenanza, serán as seguintes:

a) Apercibimento á persoa infractora.

b) Multa

c) Revogación da concesión

24.2.- As sancións que se aplicarán será as que seguen:

a) Por faltas leves, apercibimento ou multa de 300 ata 750 euros

b) Por faltas graves, multa de 751 ata 1500 euros.

c) Por faltas moi graves, con revogación da concesión e multa de 1.501 a 3.000 euros.

24.3.- Para a gradación ou cualificación das sancións teranse en consta os seguintes criterios: A natureza dos prexuízos causados, o grao de intencionalidade do infractor ou reiteración, a contía do beneficio obtido, a reincidencia, cando non sexa determinante na infracción, o número de consumidores e usuarios afectados.

24.4.- Cando a concesión sexa revogada a consecuencia de infraccións moi graves, o seu/súa titular non poderá obter concesión algunha durante o prazo de dous anos para o exercicio da actividade no municipio de Cee.

Artigo 25.- Procedemento sancionador

25.1.- Para a determinación das infraccións a imposición de sancións previstas na presente ordenanza, será de aplicación o procedemento sancionador común previsto na Lei 39/2015 e os principios de potestade sancionadora previstos na Lei 40/2015.

25.2 .- Correspóndelle a Alcaldía a imposición de multas e demais sancións.

25.3 .- O procedemento sancionador iníciase como consecuencia de denuncia ou ben de oficio, á Alcaldía a incoación do expediente sancionador e a imposición das sancións previstas na presente Ordenanza.

Artigo 26.- Prescricións dos infraccións e sancións.

26.1.- As infraccións previstas nesta Ordenanza prescribirán, se son leves, aos seis meses, se son graves, aos dous anos e se son moi graves, aos tres anos.

O prazo de prescrición das infraccións computarase dende o día da súa comisión. Esta prescrición interrompírase dende que o procedemento se dirixa contra o infractor, volvendo a correr de novo o tempo da prescrición dende aquel remate sen ser sancionado ou se paralice o procedemento por causa non imputable ó infractor.

En todo caso, o órgano instrutor do expediente, cando sexan detectadas infraccións de índole sanitario, deberá dar conta inmediata das mesmas ás autoridades sanitarias que correspondan.

26.2.- As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impoña a sanción ou haxa transcorrido o prazo para recorrela.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As concesións adxudicadas con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza, rexeranse, (agás a transmisión “inter vivos”) en canto os seus efectos, cumprimento e extinción, réxime de transmisión, modificación, duración e réxime de prórrogas polo Prego reitor que serviu de base para súa adxudicación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, tal e como se regula nos artigos 70 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das base do réxime local.”

Cee, 8 de setembro de 2025

A alcaldesa

Asdo. Margarita Lamela Louzán

2025/5864